

## **UXÍO NOVONEYRA: O POETA DO COUREL O GRUPO BRAIS PINTO: ETAPA LITERARIA Á QUE PERTENCE UXÍO NOVONEYRA**


Uxío Novoneyra pertence ó grupo “**Brais Pinto**”, grupo de estudantes e xoves traballadores galegos de ideoloxía esquerdista que a finais dos anos 50 formou en Madrid este grupo cultural (1958). Dentro del convivían asalariados e empregados (Reimundo Patiño, Daniel Pino, Xosé Fernández Ferreiro, Bernardino Graña, C. Arias, Bautista Álvarez, X.L. Méndez Ferrín, Herminio Barreiro, e Manoel María, e Uxío Novoneyra). Á parte de organizaren tertulias, actividades culturais e editaren unha colección de poesía, os membros do grupo Brais Pinto evolúen teoricamente cara o marxismo, e neles comeza a madurecer a idea de formar un novo partido nacionalista de esquerda superador de inactividade política do “piñeirismo” (promocionar a cultura e impregnar a sociedade de galeguismo e renunciar á necesidade de crear forzas políticas nacionalistas). De distintas reunións clandestinas celebradas nas vilas máis importante de Galicia xurdiu unha organización denominada Consello da Mocidade, do que foi elixido secretario xeral Moreda. Nun comezo, as bases ideolóxicas do que ía ser unha organización eran vagas (reactualizar o legado do PG e dar unha nova orientación ao nacionalismo galego).

O Consello non puido sobrevivir polas súas propias desavenencias e no 1964 desapareceu.

Con anterioridade á fundación do Consello, en novembro de 1963, varios integrantes do grupo Brais Pinto (B. Álvarez, R. Patiño, X.A. Arjona) constituíron tamén en Madrid unha nova organización política: a Unión do Pobo Galego (UPG).

Se ben é coetáneo da **Xeración das Festas Minervais** e mesmo compartiu experiencias xuvenís cos seus membros, Uxío Novoneyra desenvolveu unha traxectoria creativa única, en parte debido á súa propia traxectoria vital.

### **BIOGRAFÍA E BIBLIOGRAFÍA DE UXÍO NOVONEYRA**




Nacido en Parada do Courel, o 19 de xaneiro de 1930, e finado en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999. Sendo fillo dunha familia de labregos, O Courel foi o principal referente físico para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, dentro da literatura galega.

Rematou o Bacharelato no 1948 en Lugo, e fixo algún curso de Filosofía e Letras en Madrid, onde comezou a escribir poemas en castelán, hoxe perdidos. Fixo o servizo militar en Santiago canda Manuel María, que xa publicara *Muiñeiro de brétemas*, e no 1952 comezou a escribir en galego, lingua que xa non deixaría nunca. Do 1953 ao 1962 estivo na montaña nativa, recobrándose dunha doenza pulmonar. En 1962 foi para Madrid de novo, e traballou na radio e na televisión. No 1966 regresou ao Courel, onde casou e tivo fillos. En 1983 afincouse definitivamente en Santiago. Foi, ata a súa morte, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

En 1955 publicou **Os eidos**, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con **Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas** (1974). En 1979 publicou **Poemas caligráficos**, prologado e ilustrado por Reimundo Patiño. Os textos están vinculados á vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto. A comezos da década de 1980 recompilou e depurou o seu ciclo courelán, publicando **Os eidos. Libro do Courel** (1981), que reeditou en varias ocasións. En 1983, afincado xa en Compostela, comezou unha recompilación temática da súa produción poética completa: **Muller pra lonxe** (1987), poemas apaixonais e amorosos e **Do Courel a Compostela 1956-1986**, poemas políticos acompañados dunha antoloxía crítica. En 1994, logo de varios anos de silencio editorial, editou **Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras**, e en 1998 **Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas**.

Nos seus textos, Novoneyra explicita o seu compromiso nacionalista e marxista, sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e pola linguaxe. Formalmente, procuraba o mellor resultado visual e —sobre todo— sonoro para os textos (botando man para tal efecto de diversos recursos como o fonosimbolismo, a utilización de dialectalismos e vulgarismos, os silencios, o simbolismo gráfico, etc). As poucas palabras que emprega pretenden evocar dun modo máximo o mundo no que o home esta inmerso, designando as cousas para que estas aparezan perante nós.

# XEOGRAFÍA DO COUREL



Hein d'ir o Pía Páxaro i a Boca do Faro  
deitarme na Campa da Lucenza nun claro.  
Hein d'ir á Devesa da Rogueira i a Donís  
ó Rebolo á Pinza i ó Chao dos Carrís.  
Hein d'ir a Lousada i a Pacios do Señor  
a Santalla a Veiga de Forcas i a Fonlor.  
Hein d'ir ó Cebreiro pasar por Liñares  
rubir ó Iribio a Cervantes i a Ancares  
Hein d'ir a Cido i a Castro de Brío  
baixar i andar pola aurela do río.  
Hein d'ir a Céramo cruzal'o Faro i entón  
debrocar pra baixo cara Oéncia e León  
Hein d'ir a Vales i a Pena da Airexa  
i a un eido solo onde ninguén me vexa.

## Os eidos (1955)



A Devesa da Rogueira



Pía Páxaro



A Lagoa de Lucenza

# FLORA DO COUREL NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA



*Fentos secos do Inverno!  
Fainteiras do Val Arcón e Fontela!  
Manchas de tempo  
esperdigadas eiquí i aló pola serra!*

**Os Eidos (1955)**



*Xestas froridas da Sítima!  
Virtas de xesta piornal!  
Terra probe sequiza  
de penedo i erba-chá!*

**Os Eidos (1955)**



*CARQUEIXAS uces e penas!  
Camiños da serra aberta  
pra lonxes terras de serras!*

**Os Eidos 2 (1974)**




*BIDUEIROS cimeiros!  
Pena das Augas!  
Xardois teixos  
Rebolos tocos faias derrubadas!*

**Os Eidos 2 (1974)**



# FAUNA DO COUREL NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA



``Cousos dos lobos!  
Caborcos do xabarín!  
Eidos solos  
onde ninguén foi nin ha d'ir.``

**Os Eidos** (1955)



``Aturula a curuxa e canta o cuco  
medindo o tempo quedo que se para no cor e tornándose  
contra ún ven cravarse no sitio onde máis se sinte...``

**Os Eidos** (1955)



``Fontiñas roxas e brancas  
dos corzos i as aigas  
i o camiñante que pasa!``

**Os Eidos 2** (1974)



# **UXÍO NOVONEYRA, CREADOR DO ``FONOSIMBOLISMO DA PAISAXE``**

Emprega aliteracións para describir a paisaxe do Courel.

Un exemplo disto son os seguintes poemas:

``No bicarelo do bico do brelo  
canta o paxariño.  
No mesmiño  
bicarelo do bico do brelo.``

***Os Eidos*** (1955)

Repítese o son ``b``.



``O lobo! Os ollos o lombo do lobo!  
Baixa o lobo polo ollo do bosco...``

***Os Eidos*** (1955)

Repítese o son ``o`` para dar esa sensación de medo que produce o lobo.

``O sol que locía  
i eu vía  
i ouvía  
cantar o día.``

***Os Eidos 2*** (1974)

Repítese o son ``ía``.


``O ceo  
o ucedo  
os penedos  
co cello do Inverno...``

***Os Eidos 2*** (1974)

Repítense os sons ``ce`` e ``o``.



## OS EIDOS. OS EIDOS 2



En 1955, Uxío Novoneyra publicou *Os eidos*, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con *Os eidos 2* (1974). Na obra primeira, *Os eidos* (1955), que dedicou a Maside e o ensaísta Piñeiro, quen fixo o prólogo epistolar (ao xeito que o caracterizou sempre) sulíñando coma esencial a lembranza da terra, do telúrico, o enxebre na tradición cultural galega, o poeta está en soidade entre os vales e as montañas natis, en comuña co mundo físico. Tense relacionado *Os eidos* co paisaxismo de Noriega Varela, Iglesia Alvariño ou Díaz Castro. Porén, a de Novoneyra é unha poesía máis íntima e cósmica, arredada da tradición polo seu carácter esencial e totalizador: é unha poesía da metapaisaxe. O do poeta é un canto telúrico que atopa na natureza unha dimensión ontolóxica: nela está contido o sentido do home e do universo. Son versos dominados pola intensidade e a economía lingüística, ao servizo do intimismo e da procura de emocións. Méndez Ferrín observou que a súa pureza radica na dialéctica entre o escrito e o non escrito, entre o que se fai explícito e o inmenso silencio que arrodea as palabras. Abondan os topónimos e as series de sustantivos que denominan os elementos da natureza, acompañados de exclamacións, de aliteracións e fonosimbolismos, manifestacións todas elas dun propósito esencializador que se aproxima á estética do *haiku* xaponés.

En 1981, o autor refunde *Os eidos* e *Os eidos 2* nunha edición moi depurada e modificada que titula *Os eidos. Libro do Courel*. A obra de Novoneyra é exemplo constante do seu coidado polos recursos expresivos e da súa preocupación polo resultado visual do texto en verso. Esa procura permanente motivou que o conxunto da súa obra fose relativamente breve e unitario. Dende o primeiro momento, a súa voz converteuse nunha das máis intensas e renovadoras da poesía contemporánea. En 1974 coa publicación en Galaxia, Vigo, de *Os Eidos 2* completa o gran marco paisaxístico. Este libro está ilustrado con debuxos de Laxeiro e está dedicado á memoria dos seus pais e de María Mariño. A estética de Novoneyra representa a culminación da poesía de paisaxe levada ó extremo da concentración e da síntese. A palabra xigante. A voz telúrica da terra... Unha tradición poderosa que vén do mellor Noriega, Aquilino, Díaz Castro, Crecente Vega...

“COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...”

### *Os Eidos* (1955)

“SERRA aberta  
inmensa antiga herencia!

BOUZAS do monte!  
Carrozas fondas!  
Taras iradas!  
Pincheiras outas!

OLLAR do outo penedo!  
Pincheiras lonxanas!  
Paxariños do ucedo!” *Os Eidos 2* (1974)



Tardaría once anos en publicar o seu segundo poemario, **ELEXÍAS DO COUREL(1966)**

## **LETANÍA DE GALICIA E OUTROS POEMAS (1974)**

A LETANÍA DE GALICIA /1968: Uxío Novoneyra .

DE tanto calar xa falo solo

GALICIA digo eu / un di .....GALICIA  
 GALICIA decimos todos .....GALICIA  
 astr'os que calan din .....GALICIA  
 e saben .....sabemos

GALICIA da door chora .....á forza  
 GALICIA da tristura triste .....á forza  
 GALICIA do silencio calada .....á forza  
 GALICIA da fame emigrante .....á forza  
 GALICIA vendada cega .....á forza  
 GALICIA tapeada xorda .....á forza  
 GALICIA atrelada queda .....á forza


libre pra servir .....libre pra servir  
 libre pra non ser .....libre pra non ser  
 libre pra morrer .....libre pra morrer  
 libre pra fuxir .....libre pra fuxir

GALICIA labrega .....GALICIA nosa  
 GALICIA mariñeira .....GALICIA nosa  
 GALICIA obreira .....GALICIA nosa  
 GALICIA irmandiña .....GALICIA viva inda

recóllote da terra .....estás mui fonda  
 recóllote do pueblo.....estás nil toda  
 recóllote da HISTORIA .....estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro  
 no verbo verdadeiro que fala o pueblo  
 recóllote prós novos que vein con forza  
 prós que inda non marcou a malla d'argolas  
 prós que saben que ti podes ser outra cousa  
 prós que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa  
 sabemos que o home pode ser outra cousa




## ***LIBRO DO COUREL (1981) E POEMAS CALIGRÁFICOS (1979)***

Uxío Novoneyra volveu a publicar **Os Eidos, Libro do Courel** en 1981, que reeditou en varias ocasións.

Ten o subtítulo “**Libro de olladas**”, e está dividida en catro partes do ciclo de “Os eidos”, “**Serra aberta**”, “**Follas de cantigas**”, “**Diario de enfermo**” e “**Don do silencio**”, e dúas de nome cívico, “**Letanía de Galicia e outros poemas**” e “**O Laxeiro pintor dunha Galicia**”.


Uxío Novoneyra publica *Poemas caligráficos* en 1979, nunha edición prologada e ilustrada por Reimundo Patiño, con textos vinculados a unha vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto.

### Poemas Caligráficos. Vietnam canto (1979)



Este libro posúe poemas moi persoais e subxectivos por ficaren escritos a man. É un conxunto de textos e caligrafías editados nos *Cadernos da Gadaña* do colectivo Brais Pinto, ao que Uxío Novoneyra estivo estreitamente unido.


## ***MULLER PRA LONXE (1987)***



(Deputación de Lugo, Lugo, 1987) , poemas apaixonais e amorosos, ilustrado polo pintor lugués Carlos Pardo Teijeiro e epílogo de Rodríguez Fer.

No ano 1986, o Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo editaba Muller pra lonxe, volume lírico de grandes dimensións (21"5 x 30"5 cm.) presentado nun estoxo, con ilustracións de Carlos Pardo Teijeiro e que inauguraba a colección Gran Lugo de Nebra. Poemas impresos e textos caligráficos con fermosos debuxos a cor, nunha edición numerada e asinada. Nas verbas que pechan o libro, o tamén poeta Claudio Rodríguez Fer, definía así o poemario: "poesía obxectual, paisaxística, cósmica, existencial, cívica e amorosa ao mesmo tempo...".

## ***DO COUREL A COMPOSTELA 1956-1986 (1988)***



**Do Courel a Compostela**  
1956-1986, poemas políticos  
acompañados dunha antoloxía  
crítica.

No libro **Do Gaurel a Compostela** aparece este poema:

*"Chámanos cada verba*

*cada sorriso cada xeito cada  
ollada nosa*

*cada val e cada tesoro."*

Uxío segue chamando por  
todos nós, os galegos e  
galegas.

## ***POEMAS DE DOADA CERTEZA (1994)***

En 1994, logo de varios anos de silencio editorial, editou *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*.




**Pés na terra e ollos na brétema  
ou ollos na terra e pés na brétema**

**Desamparo emigrante  
igual pra unha mueca desgarrada  
que pra un silencio discreto**

**Uxío Novoneyra** (en *Poemas da doada  
certeza i este brillo premido entre as  
pálpebras*)

# **BETANZOS: POEMA DOS CANEIROS E ESTAMPAS (1998)**



*Betanzos, onde  
eu soupen que a ledicia pode ser tan fonda  
coma a door*

Caligrafía do grande UXÍO NOVONEYRA en *Betanzos, poema dos  
Caneiros e estampas*

A Festa dos Caneiros é unha viaxe ó país dos soños  
máis felices e transcetes. Ninguén o dixo tan ben como o  
poeta Uxío Novoneyra:

*Cando o viño roxo que non perde o coor no cor  
xa non abondaba a nosa sede  
chegámoslos beizos a vasos máis fondos.*

*As ondas do río devalaban lenes  
levando as barcas soltas pró infindo do mar, a noite.*

*As mulleres eran verdadeiras como o viño.*

*As ondas do río levaban lenes  
levando as barcas soltas pró infindo do mar, a noite*

*A medida que o tempo pasaba alongábame da morte.*

*As ondas do río levaban lenes  
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.*

*No milagro longo coidei seguir sempre nas barcas devalando.*

## O CUBIL DO XABARÍN (1990)



Rabilete, Gatillo, Pistón, Portapeza, Firmegarra e Seguerastro son uns nenos do Courel que gustan de cachear as covas dos arredores. Un día deciden subir ao cubil do xabarín. Cando acaba o camiño e comeza a bouza, teñen que extremar as precaucións pois en calquera momento pode aparecer o xabarín enfurecido disposto a defender as súas crías. Avantan con pés de la e cando están

chegando ao cume, xorden o xabarín macho e a femia a todo correr, imponentes e irados, que pasan a carón dos rapaces, agachados nun rebolo de canas baixas, sen velos. Co medo aínda no corpo, os amigos regresaron, apurados e algún deles co pantalón mollado polo susto. Por iso logo nunca contaron esta aventura, na que sentiron na maxestosidade da Serra do Courel o poderío do xabarín, que mesmo ten asustado a cazadores.

## TEMPO DE ELEXÍA (1991)

O poemario *Tempo de elexía* (Vía Láctea, Oleiros, 1991) recolle esencialmente *Elexías do Courel* (Rialp, Madrid, 1966).

O ciclo elexíaco recompilouno baixo o título *Tempo de elexía*, que é esa poesía que nace da ausencia, da morte ou da dor.



## GORGORÍN E CABEZÓN (1992)



Como é primavera, dous amigos, Gorgorín e Cabezón vanse bañar ao río. O primeiro nada suave como unha troita; o segundo, vaise metendo aos poucos e como unha balea a penas sae do sitio e solta bufidos. Os homes do saco, tan antigos que xa se cría que non existían, aproveitan que, ao saíren da auga, dan en xogar ao cazador e ao can. Píllanos ao pasar e métenos no saco, pero Cabezón consegue asustalos cando cae a súa cabeza sobre os pés de un. Foxen os homes e eles quedan máis amigos que nunca.

# DOS SOÑOS TEIMOSOS

## NOITARENGA (1998)



Este libro é un ensaio.

***"Acabei servindo á palabra poeta. Tamén me axudou a facelo ter por compañeira unha muller que consideraba que ser poeta era un gran destino."*** Son palabras de Uxío no libro ***"Dos soños teimosos"***, editado por Noitarenga.

## ILDA, O LOBO, O CORZO E O




## **XABARÍN (1998)**

Ilda era unha moza que vivía nunha torre erguida sobre unha gran rocha no cabo do mundo. Alí a gardaba o pai, illada da xente, desde a morte da nai no parto. Un día que baixou ao patio, un corzo, un lobo e un xabarín, traídos polos monteiros logo dunha cazata e engaiolados, prometéronlle, a

cambio da súa liberdade, facer que liscasen todos os lobos, atraendo deste xeito a unha chea de mozos cazadores, ente os que podería escoller o mellor para casar con el e saír por fin da torre. Ese outono, ante a nova de tal concentración de caza nunca vista no monte, deron en acudir moitos señores cos seus criados e monteiros. Ata que entre eles atopou o seu amor, co que casou e marchou do maxestoso Courel, despedida polos fatos de lobos, corzos e xabaríns agradecidos. Desde aquela, a historia de dona Ildara segue nas bocas das xentes do Courel.

# **ARRODEOS E DESVÍOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO E OUTRAS ROTAS**

**(1999)**



Na páxina final do último libro que publicou Uxío Novoneyra encontramos un poema que di así:

*"Se o pasado é pasado  
i o presente é o urxente  
por qué inda busca a  
xente  
aquil soño clausurado?"*

Era unha edición que levaba por título *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*.

## **ALGÚNS DIALECTALISMOS DA ZONA DO COUREL QUE APARECEN NOS LIBROS DE UXÍO NOVONEYRA**

“Hein”: ´hei´

“sein”: ´sei´

“teis”: ´tes´

“chegarein”: ´chegarei´

“viñen”: ´vin´

“fius”: ´fios´

“aigas”: ´aguías´

“nino”: ´nenó´

“vein”: ´veñen´

“dil”: ´del´

“il”: ´el´

“niste”: ´neste´

## **UXÍO NOVONEYRA, LOCUTOR DE RADIO E XORNALISTA**

En 1962, unha vez repostado da súa enfermidade pulmonar, volve a Madrid por espazo de catro anos (1962-66), e traballa en televisión e radio, en emisións sobre poesía. Tamén foi xornalista.

## **UXÍO NOVONEYRA, RECITADOR**

Outra clave súa é ser poeta do instante, como creador e comunicador. Cada recital seu era unha creación e unha recreación. Recitaba con acerto os seus poemas e os dos demais. Coñecía moi ben o tesouro da nosa poesía medieval e doutros poetas cos que comungaba, como María Mariño ou Pimentel, sendo el e eles ao dicilos. Como *rapsoda* –aínda que a el lle gustaba chamarse dicidor de poemas– era moi especial porque facía unha verdadeira actuación teatral, unha interpretación.

Entre moitos dos recitais que deu destaca un que deu nas ruínas do convento de Santo Domingo ó pé da alameda pontevedresa no verán de 1963. A declamación, organizada por Filgueira Valverde, versou sobre diversos poetas dos Cancioeiros galaico-portugueses. Novoneyra era ademais de poeta un recitador duns efectos sonoros extraordinarios, pois o escritor entraba en éxtase. Alí, nunha noite ensoñadora, baixo daquelas bóvedas de Sto. Domingo, os ecos evocadores do rapsoda trasladounos ó século XIII; nunca mellor troveiro atopara a poesía do medievo.

## **UXÍO NOVONEYRA, CONFERENCIANTE**

Uxío Novoneyra deu unha Charla sobre o “*Rexistro autonómico e municipal de parellas de feito*”, englobada no programa do Concello de Lugo con motivo do Día Internacional da Violencia de Xénero.

Unha das primeiras actividades da Asociación de Amigos da Cultura foi convidar a Novoneyra a dar unha conferencia. Aceptou. O tema escollido polo dicidor fora: A poesía de María Mariño. Novoneyra baixou das altas montañas "dos tesos cumes" lugueses, "que ollan de lonxe" e a víspera da conferencia presentouse en Pontevedra. Pero do noso contento por escoitalo de novo pasamos a un disgusto e a unha carraxe metafísica. O secretario xeneral do Goberno Civil de Pontevedra non autorizaba o recital. Non houbo tempo de avisar ao conferenciante, e Uxío Novoneyra en chegando á capital provincial dirixiuse ao Diario de Pontevedra. Falou poéticamente das furnas do Courel onde vivía o oso e percibíase a presenza do home primitivo..., daquel mundo de misterio, máxico, que as verbas sentidas a través da lírica voz do rapsoda facían cribles. Como o acto literario sobre María Mariño fora anunciado, o problema, para a prensa e para a nova Asociación Amigos da Cultura, estaba en comunicar a suspensión da conferencia-recital de Novoneyra sen ferir ó Goberno Civil so pena de novas prohibicións e represalias. O Diario de Pontevedra recolleu nunha entrevista intelixente de Cuña Novás a presenza do autor de Os Eidos na cidade e deu unha disculpa galega (podía interpretarse en varios sentidos) da imposibilidade de pronunciar a conferencia anunciada. Quen tratou a Uxío Novoneyra sabía que era un ser moi sensible, débil de saúde, un librepensador defensor no eido social dos traballadores menos favorecidos, incapaz de facerlle dano a ninguén; mais para as forzas represoras da dictadura franquista, posiblemente, resultaría unha persoa perigosa, un axitador infiltrado do Kremlin... ao que lle controlaban os seus movementos.

## **CUESTIONARIO SOBRE A EXPOSICIÓN DE UXÍO NOVONEYRA: O POETA DO COUREL**

### **. Primeiro cartel:**

1. *A que etapa ou grupo literario pertence Uxío Novoneyra?*
2. *Resume o que se di no primeiro cartel sobre a etapa e o grupo literario ó que pertenceu Uxío Novoneyra.*
3. *Onde e cando naceu Uxío Novoneyra?*
4. *Cales son as súas obras literarias?*

### **. Segundo cartel:**

1. *Cales son os principais montes do Courel?*
2. *Cantos metros de altura teñen?*

### **. Terceiro cartel:**

1. *Despois de mirar o terceiro cartel, cita as árbores que nel aparecen.*
2. *Cita os arbustos que aparecen no cartel.*
3. *Que tipo de flora é?. Clasifícaa. Di se teñen flor ou non e cita as súas partes.*
4. *Recita os poemas que veñen neste cartel.*

### **. Cuarto cartel:**

1. *Despois de mirar o cuarto cartel, clasifica a fauna que nel aparece.*
2. *Recita os poemas que veñen neste cartel.*

### **. Quinto cartel:**

1. *Que recurso literario emprega nos seus poemas Uxío Novoneyra para describir a paisaxe do Courel?*
2. *En que consiste ese recurso?*
3. *En relación co primeiro poema que aparece no quinto cartel, que significa a palabra “brelo”?*

**. Sexto cartel:**

1. *En que ano publicou Uxío Novoneyra o seu libro **Os Eidos**?*
2. *A quen lle dedicou o libro?*
3. *Quen fixo o prólogo epistolar do libro?*
4. *Cal é o contido do libro?*
5. *Coa estética de que escritores se asemella Uxío Novoneyra neste libro?*
6. *Cando publicou Uxío Novoneyra o seu libro **Os Eidos 2**?*
7. *Por quen está ilustrado o libro?*
8. *A quen está dedicado o libro?*
9. *Cal é o seu contido?*
10. *Recita os poemas de Os Eidos e Os Eidos 2 que veñen no sexto cartel.*

**. Sétimo cartel:**

1. *Cando publicou o seu libro Elexías do Courel?*
2. *Cando publicou Letanía de Galicia e outros poemas?*
3. *Recita o poema Letanía de Galicia que aparece no sétimo cartel.*

**. Oitavo cartel:**

1. *Cando publicou o libro titulado Libro do Courel.*
2. *Cal é o subtítulo do libro?*
3. *En cantas partes está dividido o libro?. Como se titulan?.*
4. *Cando publicou o libro Poemas caligráficos?*
5. *Quen fai o prólogo e as ilustracións do libro?*

**. Noveno cartel:**

1. *Cando publicou o libro Muller pra lonxe?*
2. *Cal é o contido do libro?*
3. *Por quen está ilustrado o libro?*
4. *Quen fixo o epílogo do libro?*

**. Décimo cartel:**

1. *Cando publicou o libro Do Courel a Compostela?*
2. *Cal é o contido do libro?*
3. *Recita o poema de Do Courel a Compostela que vén no décimo cartel.*
4. *Cando publicou o libro Poemas de doada certeza?*
5. *Recita o poema de “Poema de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras” que aparece no décimo cartel.*

**. Undécimo cartel:**

1. *En que ano publica o libro Betanzos: Poema dos Caneiros e estampas?*
2. *Recita o poema deste libro que aparece no undécimo cartel.*

**. Duodécimo cartel:**

1. *Cando publicou O cubil do xabarín?*
2. *Resume o contido do libro.*
3. *Cando publicou Tempo de elexía?*
4. *Cando publicou Gorgorín e Cabezón?*
5. *Resume o contido do libro.*

**. Décimo terceiro cartel:**

1. *Cando publicou Dos soños teimosos Noitarenga?*
2. *A que xénero literario pertence este libro?*
3. *Cando publicou Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín?*
4. *Resume o contido do libro.*

**. Décimo cuarto cartel:**

1. *Cando publicou Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas?*
2. *Recita o poema deste libro que vén no décimo cuarto cartel.*
3. *Busca os dialectalismos que veñen ó final do décimo cuarto cartel en tódolos poemas dos carteis e os que non veñan neles búscalos nos outros poemas de Uxío Novoneyra.*

**. Décimo quinto cartel:**

1. *En que anos traballou de locutor de radio e televisión Uxío Novoneyra?*
2. *Onde?*
3. *Sobre que trataba o recital que deu Uxío Novoneyra nas ruínas do convento de Santo Domingo, en Pontevedra?*
4. *Cando tivo lugar ese recital?*
5. *Cita algunha das conferencias que deu Uxío Novoneyra.*